



CANDIDATURA:

José CARRACEDO FRAGA, Profesor de Filoloxía Latina na USC, Presidente

Ana María SUÁREZ PIÑEIRO, Profesora de Historia Antiga na USC, Vicepresidenta

Miguel Anxo MEIXUEIRO REI, Profesor de Grego e Latín no IES de Meira, Secretario

Teresa AMADO RODRÍGUEZ, Profesora de Filoloxía Grega na USC, Tesoureira

Fernando DOMÈNECH REY, Profesor de Grego e Latín no IES de Oleiros, Vogal

Miguel GIADÁS QUINTELA, Estudante de Filoloxía Clásica, Vogal

Tatiana GRELA TUBÍO, Estudante de Filoloxía Clásica, Vogal

Susana LOSADA SOTO, Profesora de Grego e Latín no IES de Melide, Vogal

Os socios que arriba se mencionan presentamos a nosa candidatura á elección da Xunta Directiva da Sección Galega da Sociedad Española de Estudios Clásicos co obxectivo principal de continuar co dinamismo na organización e patrocinio de actividades diversas relacionadas cos estudos clásicos que entendemos que son interesantes para todos os socios:

- Cursos e xornadas de formación.
- Obradoiros didácticos.
- Festival de teatro grecolatino.
- Concursos: Certamen Ciceronianum, Odisea, Olimpíada de tradución de textos clásicos, Parnaso.
- Viaxes culturais.

Entendemos tamén que SEECGalicia pode e debe seguir xogando un papel importante na promoción e defensa dos estudos clásicos en Galicia nos ámbitos administrativos e

educativos e ante toda a sociedade, e debe servir de enlace entre os distintos centros educativos de Galicia e entre estes e outros centros educativos do resto de España para todos os temas de interese relativos aos estudos clásicos.

Desexamos contar desde o primeiro momento coa participación activa de todos os socios e convidámosvos a facer chegar á directiva todas as suxestións e propostas que consideredes oportunas.

Para a circulación e o intercambio de información sen dúbida ferramentas necesarias deben ser a páxina web de SEECGalicia (seecgalicia.org) e distintas redes sociais, que procuraremos atender da forma máis actualizada e eficiente posible.

Saúdos cordiais.

Santiago de Compostela, xaneiro de 2016